

Magnetismo

[Método e recomendacións](#)

◊ PROBLEMAS

● Campo magnético

● Partículas

- Un ión K^+ potasio penetra cunha velocidade $\vec{v} = 8 \times 10^4 \vec{i}$ m/s nun campo magnético de intensidade $\vec{B} = 0,1 \vec{k}$ T describindo unha traxectoria circular de 65 cm de diámetro.
 - Calcula a masa do ión potasio.
 - Determina o módulo, dirección e sentido do campo eléctrico que hai que aplicar nesta rexión para que o ión non se desvíe.

DATO: $|q_e| = 1,6 \times 10^{-19}$ C. (A.B.A.U. extr. 24)
Rta.: a) $m = 6,51 \cdot 10^{-26}$ kg; b) $\vec{E} = 8,00 \cdot 10^3 \vec{j}$ N/C.

Datos

Carga da partícula
 Intensidade do campo magnético
 Velocidade da partícula
 Diámetro da traxectoria circular

Incógnitas

Masa do ión potasio
 Vector campo eléctrico para que o ión non se desvíe

Outros símbolos

Radio da traxectoria circular
 Valor da forza magnética sobre a partícula
 Vector forza eléctrica sobre a partícula

Ecuacións

Lei de Lorentz: forza magnética sobre unha carga, q , que se despraza polo interior dun campo magnético, \vec{B} , cunha velocidade, \vec{v}

Aceleración normal (nun movemento circular de raio R)

2.ª lei de Newton da Dinámica

Velocidade nun movemento circular uniforme de raio R

Forza, \vec{F}_E , exercida por un campo electrostático, \vec{E} , sobre unha carga, q

Cifras significativas: 3

$q = 1,60 \cdot 10^{-19}$ C
 $\vec{B} = 0,100 \vec{k}$ T
 $\vec{v} = 8,00 \cdot 10^4 \vec{i}$ m/s
 $d = 65,0$ cm = 0,650 m

m
 \vec{E}

R
 F_B
 \vec{F}_E

$$\vec{F}_B = q(\vec{v} \times \vec{B})$$

$$a_N = \frac{v^2}{R}$$

$$\Sigma \vec{F} = m \cdot \vec{a}$$

$$v = \frac{2\pi \cdot R}{T}$$

$$\vec{F}_E = q \cdot \vec{E}$$

Solución:

a) Como só actúa a forza magnética, que é perpendicular á velocidade, a partícula describe unha traxectoria circular con velocidade de valor constante, polo que a aceleración só ten compoñente normal a_N .

$$F_B = m \cdot a = m \cdot a_N = m \frac{v^2}{R}$$



Usando a expresión da lei de Lorentz (en módulos) para a forza magnética:

$$|q| \cdot B \cdot v \cdot \sin \varphi = m \frac{v^2}{R}$$

Se a partícula entra perpendicularmente ao campo magnético, $\sin \varphi = 1$.

O raio, R , é a metade do diámetro: $R = d / 2 = 0,650$ [m] / 2 = 0,325 m.

Despexando a masa:



$$m = \frac{R \cdot |q| \cdot B}{v} = \frac{0,325 \text{ [m]} \cdot 1,60 \cdot 10^{-19} \text{ [C]} \cdot 0,100 \text{ [T]}}{8,00 \cdot 10^4 \text{ [m/s]}} = 6,51 \cdot 10^{-26} \text{ kg}$$

Análise: Na táboa periódica pódese ver que a masa atómica do potasio é de 39 u = 39 g/mol. Se se coñece que o número de Avogadro é 6,02·10²³, pódese calcular a masa do átomo de potasio que é practicamente igual á do ión: m = 39 [g/mol] / 6,02·10²³ [átomos/mol] = 6,49·10⁻²³ g = 6,49·10⁻²⁶ kg/átomo K. O resultado anterior é correcto.

b) Se a forza eléctrica anula a magnética:

$$\vec{F}_B + \vec{F}_E = q(\vec{v} \times \vec{B}) + q \cdot \vec{E} = \vec{0}$$

$$\vec{E} = -(\vec{v} \times \vec{B}) = -(8,00 \cdot 10^4 \text{ i} \text{ [m/s]} \times 0,100 \text{ k} \text{ [T]}) = 8,00 \cdot 10^3 \text{ j} \text{ N/C}$$

2. Un protón cunha enerxía cinética de 4,0·10⁻¹⁵ J penetra perpendicularmente nun campo magnético uniforme de 40 mT. Calcula:

a) O módulo da forza á que está sometido o protón dentro do campo.

b) O tipo de movemento realizado polo protón, a traxectoria que describe e o raio desta.

Datos: $q_p = 1,6 \cdot 10^{-19} \text{ C}$; $m_p = 1,67 \cdot 10^{-27} \text{ kg}$.

(A.B.A.U. extr. 22)

Rta.: a) $F_B = 1,4 \cdot 10^{-14} \text{ N}$; b) $R = 0,57 \text{ m}$.

Datos

Enerxía cinética do protón

Valor da intensidade do campo magnético

Ángulo entre a velocidade do protón e o campo

Carga do protón

Masa do protón

Incógnitas

Módulo da forza á que está sometido o protón dentro do campo

Radio da traxectoria

Ecuacións

Lei de Lorentz: forza magnética sobre unha carga, q , que se despraza polo interior dun campo magnético, \vec{B} , cunha velocidade, \vec{v}

Cifras significativas: 2

$$E_c = 4,0 \cdot 10^{-15} \text{ J}$$

$$B = 40 \text{ mT} = 0,040 \text{ T}$$

$$\varphi = 90^\circ$$

$$q = 1,6 \cdot 10^{-19} \text{ C}$$

$$m = 1,67 \cdot 10^{-27} \text{ kg}$$

$$F_B$$

$$R$$

$$\vec{F}_B = q(\vec{v} \times \vec{B})$$

$$a_N = \frac{v^2}{R}$$

$$\Sigma \vec{F} = m \cdot \vec{a}$$

$$v = \frac{2\pi \cdot R}{T}$$

Aceleración normal (nun movemento circular de raio R)

2.ª lei de Newton da Dinámica

Velocidade nun movemento circular uniforme de raio R

Solución:

a) A velocidade do protón calcúlase a partir da enerxía cinética:

$$E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2 \Rightarrow 4,0 \cdot 10^{-15} \text{ [J]} = (1,67 \cdot 10^{-27} \text{ [kg]} / 2) \cdot v^2$$

$$v = \sqrt{\frac{2 \cdot 4,0 \cdot 10^{-15} \text{ [J]}}{1,67 \cdot 10^{-27} \text{ [kg]}}} = 2,2 \cdot 10^6 \text{ m/s}$$

A forza magnética calcúlase pola lei de Lorentz:


$$\vec{F}_B = q(\vec{v} \times \vec{B})$$

En módulos:

$$F_B = |\vec{F}_B| = q \cdot |\vec{v}| \cdot |\vec{B}| \cdot \sin 90^\circ = 1,6 \cdot 10^{-19} \text{ [C]} \cdot 2,2 \cdot 10^6 \text{ [m/s]} \cdot 0,040 \text{ [T]} = 1,4 \cdot 10^{-14} \text{ N}$$

b) Como só actúa a forza magnética, que é perpendicular á velocidade, o protón describe unha traxectoria circular con velocidade de valor constante, polo que a aceleración só ten compoñente normal a_N .

$$F_B = m \cdot a = m \cdot a_N = m \frac{v^2}{R}$$



Usando a expresión da lei de Lorentz (en módulos) para a forza magnética:

$$|q| \cdot B \cdot v \cdot \sin \varphi = m \frac{v^2}{R}$$

Despexando o raio, R :

$$R = \frac{m \cdot v}{|q| \cdot B \cdot \sin \varphi} = \frac{1,67 \cdot 10^{-27} [\text{kg}] \cdot 2,2 \cdot 10^6 [\text{m/s}]}{1,6 \cdot 10^{-19} [\text{C}] \cdot 0,040 [\text{T}] \cdot \sin 90^\circ} = 0,57 \text{ m}$$

Análise: Se o protón entra nun campo magnético, ao describir media circunferencia sairá del, polo que en realidade só daría media volta e saíría a unha distancia de $2R = 1,0 \text{ m}$ do punto de entrada, na mesma dirección coa que entrou, pero en sentido oposto.

3. Unha partícula de masa 8 ng e carga eléctrica $-2 \mu\text{C}$ entra nunha rexión do espazo na que hai un campo magnético $\vec{B} = 3 \vec{j} \text{ T}$, cunha velocidade, $\vec{v} = 6 \vec{i} \text{ km} \cdot \text{s}^{-1}$. Calcula:
- A velocidade angular con que se move.
 - A intensidade de campo eléctrico (vector) que se debe aplicar para que a partícula siga unha traxectoria rectilínea.

(A.B.A.U. ord. 22)

Rta.: a) $\omega = 7,5 \cdot 10^5 \text{ rad/s}$; b) $\vec{E} = -1,8 \cdot 10^4 \vec{k} \text{ N/C}$.

Datos

Masa da partícula

Carga da partícula

Intensidade do campo magnético

Velocidade da partícula

Radio da traxectoria circular

Incógnitas

Velocidade angular

Vector campo eléctrico para que a partícula siga unha traxectoria rectilínea

Outros símbolos

Radio da traxectoria circular

Valor da forza magnética sobre a partícula

Vector forza eléctrica sobre a partícula

Ecuacións

Lei de Lorentz: forza magnética sobre unha carga, q , que se despraza polo interior dun campo magnético, \vec{B} , cunha velocidade, \vec{v}

$$\vec{F}_B = q (\vec{v} \times \vec{B})$$

Aceleración normal (nun movemento circular de raio R)

$$a_N = \frac{v^2}{R}$$

2.ª lei de Newton da Dinámica

$$\Sigma \vec{F} = m \cdot \vec{a}$$

Velocidade nun movemento circular uniforme de raio R

$$v = \frac{2\pi \cdot R}{T}$$

Forza, \vec{F}_E , exercida por un campo electrostático, \vec{E} , sobre unha carga, q

$$\vec{F}_E = q \cdot \vec{E}$$


Relación entre a velocidade lineal v e a velocidade angular ω nun movemento circular de raio R .

$$v = \omega \cdot R$$

Solución:

a) Como só actúa a forza magnética, que é perpendicular á velocidade, a partícula describe unha traxectoria circular con velocidade de valor constante, polo que a aceleración só ten compoñente normal a_N .

$$F_B = m \cdot a = m \cdot a_N = m \frac{v^2}{R}$$



Usando a expresión da lei de Lorentz (en módulos) para a forza magnética:

$$|q| \cdot B \cdot v \cdot \sin \varphi = m \frac{v^2}{R}$$

Se a partícula entra perpendicularmente ao campo magnético, $\sin \varphi = 1$.
Despexando o raio:

$$R = \frac{m \cdot v}{|q| \cdot B} = \frac{8,00 \cdot 10^{-12} \text{ [kg]} \cdot 6,00 \cdot 10^3 \text{ [m/s]}}{2,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]} \cdot 3,00 \text{ [T]}} = 8,00 \cdot 10^{-3} \text{ m} = 8,00 \text{ mm}$$


Pódese calcular a velocidade angular a partir da velocidade lineal:

$$v = \omega \cdot R \Rightarrow \omega = \frac{v}{R} = \frac{6,00 \cdot 10^3 \text{ [m/s]}}{8,00 \cdot 10^{-3} \text{ [m]}} = 7,50 \cdot 10^5 \text{ rad/s}$$

b) Se a forza eléctrica anula a magnética:

$$\vec{F}_B + \vec{F}_E = q(\vec{v} \times \vec{B}) + q \cdot \vec{E} = \vec{0}$$

$$\vec{E} = -(\vec{v} \times \vec{B}) = -(6,00 \cdot 10^3 \text{ i} \text{ [m/s]} \times 3,00 \text{ j} \text{ [T]}) = -1,80 \cdot 10^4 \text{ k N/C}$$



4. Un electrón acelérase desde o repouso mediante unha diferenza de potencial de $1,0 \cdot 10^3 \text{ V}$, penetrando a continuación, perpendicularmente, nun campo magnético uniforme de $0,20 \text{ T}$. Calcula:

- A velocidade do electrón ao entrar no campo magnético.
- O raio da traxectoria do electrón.
- O módulo, a dirección e o sentido do campo eléctrico uniforme necesario para que o electrón non experimente desviación ao seu paso pola rexión na que existen o campo eléctrico e o magnético.

Datos: $q_e = -1,6 \cdot 10^{-19} \text{ C}$; $m_e = 9,1 \cdot 10^{-31} \text{ kg}$.

(A.B.A.U. extr. 19)

Rta.: a) $v = 1,9 \cdot 10^7 \text{ m/s}$; b) $r = 5,4 \cdot 10^{-4} \text{ m}$; c) $|E| = 3,8 \cdot 10^6 \text{ N/C} \perp \vec{v} \perp \vec{B}$

Datos

- Diferenza de potencial de aceleración
- Valor da intensidade do campo magnético
- Carga do electrón
- Ángulo entre a velocidade do protón e o campo magnético
- Masa do electrón

Incógnitas

- Velocidade do electrón
- Radio da traxectoria circular
- Vector campo eléctrico que anule o efecto do campo magnético

Outros símbolos

- Valor da forza magnética sobre o electrón
- Período do movemento circular
- Energía (cinética) do protón

Ecuacións

Lei de Lorentz: forza magnética sobre unha carga, q , que se despraza polo interior dun campo magnético, \vec{B} , cunha velocidade, \vec{v}

$$\vec{F}_B = q(\vec{v} \times \vec{B})$$

Aceleración normal (nun movemento circular de raio R)

$$a_N = \frac{v^2}{R}$$

2.ª lei de Newton da Dinámica

$$\Sigma \vec{F} = m \cdot \vec{a}$$

Velocidade nun movemento circular uniforme de raio R

$$v = \frac{2\pi \cdot R}{T}$$

Traballo do campo eléctrico

$$W(\text{eléctrico}) = q \cdot \Delta V$$

Traballo da forza resultante

$$W = \Delta E_c$$

Energía cinética

$$E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2$$

Forza, \vec{F}_E , exercida por un campo electrostático, \vec{E} , sobre unha carga, q

$$\vec{F}_E = q \cdot \vec{E}$$

Solución:

a) Para calcular a velocidade temos que ter en conta que ao acelerar o electrón cunha diferenza de potencial (supomos que desde o repouso), este adquire unha enerxía cinética:

Cifras significativas: 2

- $V = 1,0 \cdot 10^3 \text{ V}$
- $B = 0,20 \text{ T}$
- $q = -1,60 \cdot 10^{-19} \text{ C}$
- $\varphi = 90^\circ$
- $m = 9,1 \cdot 10^{-31} \text{ kg}$

- v
- R
- \vec{E}

- F_B
- T
- E_c

$$W(\text{eléctrico}) = |q| \cdot \Delta V = \Delta E_c = \frac{1}{2} m_p v^2 - \frac{1}{2} m_p v_0^2$$

Se parte do repouso, $v_0 = 0$. A velocidade final é:

$$v = \sqrt{\frac{2|q| \cdot \Delta V}{m_p}} = \sqrt{\frac{2 \cdot 1,6 \cdot 10^{-19} [\text{C}] \cdot 1,0 \cdot 10^3 [\text{V}]}{9,1 \cdot 10^{-31} [\text{kg}]}} = 1,9 \cdot 10^7 \text{ m/s}$$

Análise: A velocidade é moi alta, pero non tanto que haxa que facer correccións relativistas.

b) Como só actúa a forza magnética, que é perpendicular á velocidade, o electrón describe unha traxectoria circular con velocidade de valor constante, polo que a aceleración só ten compoñente normal a_N .


$$F_B = m \cdot a = m \cdot a_N = m \frac{v^2}{R}$$

Usando a expresión da lei de Lorentz (en módulos) para a forza magnética:

$$|q| \cdot B \cdot v \cdot \sin \varphi = m \frac{v^2}{R}$$

Despexando o raio, R :

$$R = \frac{m \cdot v}{|q| \cdot B \cdot \sin \varphi} = \frac{9,1 \cdot 10^{-31} [\text{kg}] \cdot 1,9 \cdot 10^7 [\text{m/s}]}{1,6 \cdot 10^{-19} [\text{C}] \cdot 0,20 [\text{T}] \cdot \sin 90^\circ} = 5,3 \cdot 10^{-4} \text{ m} = 0,53 \text{ mm}$$



Análise: O raio ten un valor demasiado pequeno, menos dun milímetro.

c) Se actúa unha forza eléctrica que anula a magnética,

$$\vec{F}_B + \vec{F}_E = q(\vec{v} \times \vec{B}) + q \cdot \vec{E} = \vec{0}$$

O campo eléctrico debe valer, en módulo:

$$|\vec{E}| = |-(\vec{v} \times \vec{B})| = 1,9 \cdot 10^7 [\text{m/s}] \cdot 0,20 [\text{T}] \cdot \sin 90^\circ = 3,8 \cdot 10^6 \text{ N/C}$$

A dirección ten que ser a do produto $(\vec{v} \times \vec{B})$, perpendicular ao vector velocidade e perpendicular ao vector campo magnético.

O sentido ten que ser oposto ao da forza magnética. Poñamos o caso de que a velocidade é paralela ao eixe Y en sentido negativo e o campo magnético é paralelo ao eixe Z en sentido negativo, a forza magnética estará na dirección do eixe X en sentido negativo:


$$\vec{F}_B = q(\vec{v} \times \vec{B}) = -q v B (-\vec{j} \times -\vec{k}) = -q v B \vec{i}$$

A forza eléctrica deberá estar na mesma dirección pero en sentido contrario.

$$\vec{F}_E = -\vec{F}_B = q v B \vec{i}$$

Pero como a carga do electrón é negativa, o campo eléctrico deberá ser de sentido oposto ao da forza

$$\vec{E} = \vec{F}_E / (-q) = -v B \vec{i}$$



5. Un protón móvese nun círculo de raio $r = 20$ cm, perpendicularmente a un campo magnético $B = 0,4$ T. Determina:

- A velocidade do protón.
- O período do movemento.
- O campo eléctrico necesario para anular o efecto do campo magnético.

Datos: $q_p = 1,6 \cdot 10^{-19}$ C; $m_p = 1,67 \cdot 10^{-27}$ kg.

(A.B.A.U. ord. 19)

Rta.: a) $v = 7,66 \cdot 10^6$ m/s; b) $T = 1,64 \cdot 10^{-7}$ s; c) $E = 3,07 \cdot 10^6$ N/C.

Datos

Raio da traxectoria circular
Intensidade do campo magnético
Carga do protón
Masa do protón

Cifras significativas: 3

$R = 20,0$ cm = 0,200 m
 $B = 0,400$ T
 $q_p = 1,60 \cdot 10^{-19}$ C
 $m_p = 1,67 \cdot 10^{-27}$ kg

Datos**Cifras significativas: 3****Incógnitas**

Velocidade do protón

$$\vec{v}$$

Período do movemento

$$T$$

Vector campo eléctrico que anule o efecto do campo magnético

$$\vec{E}$$

Outros símbolos

Vector forza magnética sobre o electrón

$$\vec{F}_B$$

Vector forza eléctrica sobre o electrón

$$\vec{F}_E$$

EcuaciónsLei de Lorentz: forza magnética sobre unha carga, q , que se despraza polo interior dun campo magnético, \vec{B} , cunha velocidade, \vec{v}

$$\vec{F}_B = q (\vec{v} \times \vec{B})$$

Aceleración normal (nun movemento circular de raio R)

$$a_N = \frac{v^2}{R}$$

2.ª lei de Newton da Dinámica

$$\Sigma \vec{F} = m \cdot \vec{a}$$

Velocidade nun movemento circular uniforme de raio R

$$v = \frac{2\pi \cdot R}{T}$$

Forza, \vec{F}_E , exercida por un campo electrostático, \vec{E} , sobre unha carga, q

$$\vec{F}_E = q \cdot \vec{E}$$

Solución:

a) Como só actúa a forza magnética, que é perpendicular á velocidade, o protón describe unha traxectoria circular con velocidade de valor constante, polo que a aceleración só ten compoñente normal a_N .

$$F_B = m \cdot a = m \cdot a_N = m \frac{v^2}{R}$$

Usando a expresión da lei de Lorentz (en módulos) para a forza magnética:

$$|q| \cdot B \cdot v \cdot \sin \varphi = m \frac{v^2}{R}$$

Despexando a velocidade, v :

$$v = \frac{|q| \cdot B \cdot R \cdot \sin \varphi}{m} = \frac{[1,60 \cdot 10^{-19} \text{ [C]}] \cdot 0,400 \text{ [T]} \cdot 0,200 \text{ [m]} \cdot \sin 90^\circ}{1,67 \cdot 10^{-27} \text{ [kg]}} = 7,66 \cdot 10^6 \text{ m/s}$$

b) O período do movemento calcúlase a partir da ecuación da velocidade no movemento circular uniforme:

$$v = \frac{2\pi \cdot R}{T} \Rightarrow T = \frac{2\pi \cdot R}{v} = \frac{2 \cdot 3,14 \cdot 0,200 \text{ [m]}}{7,66 \cdot 10^6 \text{ [m/s]}} = 1,64 \cdot 10^{-7} \text{ s}$$

c) Se actúa unha forza eléctrica que anula a magnética,

$$\vec{F}_B + \vec{F}_E = q (\vec{v} \times \vec{B}) + q \cdot \vec{E} = \vec{0}$$

O campo eléctrico debe valer, en módulo:

$$|\vec{E}| = |-(\vec{v} \times \vec{B})| = 7,66 \cdot 10^6 \text{ [m/s]} \cdot 0,400 \text{ [T]} \cdot \sin 90^\circ = 3,07 \cdot 10^6 \text{ N/C}$$

● Correntes

1. Dous condutores rectilíneos, paralelos e infinitos, están situados no plano yz , na dirección do eixo z , separados unha distancia de 80 cm. Se por cada un deles circula unha corrente de 12 A en sentidos contrarios, calcula:

a) A forza por unidade de lonxitude que se exercen mutuamente, indicando a dirección e o sentido desta.

b) O vector campo magnético no punto medio da distancia que separa os condutores.

DATO: $\mu_0 = 4\pi \cdot 10^{-7} \text{ T m A}^{-1}$.

(A.B.A.U. ord. 23)

Rta.: a) $F/l = 3,6 \cdot 10^{-5} \text{ N/m}$; b) $\vec{B} = -1,20 \cdot 10^{-5} \hat{j} \text{ T}$

Datos

Intensidade de corrente polo condutor 1
 Intensidade de corrente polo condutor 2
 Distancia entre os condutores
 Permeabilidade magnética do baleiro

Incógnitas

Forza por unidade de lonxitude que se exercen mutuamente
 Campo magnético no punto medio entre os dous condutores

Ecuacións

Lei de Biot-Savart: campo magnético, \vec{B} , creado a unha distancia r , por un condutor recto polo que circula unha intensidade de corrente, I

Principio de superposición:

Lei de Laplace: forza magnética que exerce un campo magnético, \vec{B} , sobre un tramo, l , de condutor recto polo que circula unha intensidade de corrente, I

Cifras significativas: 3

$$I_1 = 12,0 \text{ A}$$

$$I_2 = 12,0 \text{ A}$$

$$d = 80,0 \text{ cm} = 0,800 \text{ m}$$

$$\mu_0 = 4 \pi \cdot 10^{-7} \text{ T}\cdot\text{m}\cdot\text{A}^{-1}$$

$$\frac{\vec{F}}{l}$$

$$\vec{B}$$

$$B = \frac{\mu_0 \cdot I}{2 \pi \cdot r}$$

$$\vec{B} = \sum \vec{B}_i$$

$$\vec{F}_B = I(\vec{l} \times \vec{B})$$

Solución:

a) O valor do campo magnético, \vec{B} , creado a unha distancia, r , por un condutor recto polo que circula unha intensidade de corrente, I , vén dado pola lei de Biot-Savart:

$$B = \frac{\mu_0 \cdot I}{2 \pi \cdot r}$$

O campo magnético creado por un condutor rectilíneo é circular e o seu sentido vén dado pola regra da man dereita: o sentido do campo magnético é o de peche da man dereita cando o polgar apunta no sentido da corrente.

No diagrama débúxanse os campos magnéticos \vec{B}_1 e \vec{B}_2 creados por cada un dos condutores en o outro condutor.

O campo magnético creado polo condutor 1 no condutor 2, que dista 80 cm del é:

$$\vec{B}_1 = \frac{\mu_0 \cdot I_1}{2 \pi \cdot r} (-\vec{j}) = \frac{4 \pi \cdot 10^{-7} [\text{T}\cdot\text{m}\cdot\text{A}^{-1}] \cdot 12,0 [\text{A}]}{2 \pi \cdot 0,800 [\text{m}]} (-\vec{j}) = -3,00 \cdot 10^{-6} \vec{j} \text{ T}$$

A forza por unidade de lonxitude que exerce o condutor 1 sobre un condutor 2 vale:

$$\frac{\vec{F}}{l} = \frac{I_2(\vec{l} \times \vec{B}_1)}{l} = I_2(\vec{u}_1 \times \vec{B}_1) = 12,0 [\text{A}] (-\vec{k} \times (-3,00 \cdot 10^{-6} \vec{j} [\text{T}])) = 3,60 \cdot 10^{-5} \vec{i} \text{ N/m}$$

O campo magnético creado polo condutor 2 no condutor 1 é:

$$\vec{B}_2 = \frac{\mu_0 \cdot I_2}{2 \pi \cdot r} (-\vec{j}) = \frac{4 \pi \cdot 10^{-7} [\text{T}\cdot\text{m}\cdot\text{A}^{-1}] \cdot 12,0 [\text{A}]}{2 \pi \cdot 0,800 [\text{m}]} (-\vec{j}) = -3,00 \cdot 10^{-6} \vec{j} \text{ T}$$

A forza por unidade de lonxitude que se exerce sobre un condutor 2 sobre un condutor 1 vale:

$$\frac{\vec{F}}{l} = \frac{I_1(\vec{l} \times \vec{B}_2)}{l} = I_1(\vec{u}_1 \times \vec{B}_2) = 12,0 [\text{A}] (\vec{k} \times (-3,00 \cdot 10^{-6} \vec{j} [\text{T}])) = -3,60 \cdot 10^{-5} \vec{i} \text{ N/m}$$

Análise: Os condutores que transportan a corrente no mesmo sentido atráense e en sentido oposto repélense.



b) No diagrama débúxanse os campos magnéticos \vec{B}_1 e \vec{B}_2 creados por ambos os condutores no punto medio.

O campo magnético creado polo condutor 1 no punto equidistante de ambos os condutores é:

$$\vec{B}_1 = \frac{\mu_0 \cdot I_1}{2 \pi \cdot r_1} (-\vec{j}) = \frac{4 \pi \cdot 10^{-7} [\text{T}\cdot\text{m}\cdot\text{A}^{-1}] \cdot 12,0 [\text{A}]}{2 \pi \cdot 0,400 [\text{m}]} (-\vec{j}) = -6,00 \cdot 10^{-6} \vec{j} \text{ T}$$

O campo magnético creado polo condutor 2 no punto equidistante de ambos os condutores vale o mesmo:

$$\vec{B}_2 = -6,00 \cdot 10^{-6} \vec{j} \text{ T}$$



O campo magnético resultante é a suma vectorial de ambos:

$$\vec{B} = \vec{B}_1 + \vec{B}_2 = -6,00 \cdot 10^{-5} \vec{j} \text{ [T]} + (-6,00 \cdot 10^{-5} \vec{j} \text{ [T]}) = -1,20 \cdot 10^{-5} \vec{j} \text{ T}$$

2. Por un fío condutor rectilíneo e infinitamente longo, situado sobre o eixe X circula unha corrente eléctrica no sentido positivo do eixe. O valor do campo magnético producido pola devandita corrente é de $6 \cdot 10^{-5} \text{ T}$ no punto $A(0, -y_A, 0)$, e de $8 \cdot 10^{-5} \text{ T}$ no punto $B(0, +y_B, 0)$. Sabendo que $y_A + y_B = 21 \text{ cm}$, determina:

- A intensidade que circula polo fío condutor.
- O módulo e a dirección do campo magnético producido pola devandita corrente no punto de coordenadas $(0, 8, 0) \text{ cm}$.

Dato: $\mu_0 = 4 \pi \cdot 10^{-7} \text{ T} \cdot \text{m} \cdot \text{A}^{-1}$.

(A.B.A.U. extr. 21)

Rta.: a) $I = 36 \text{ A}$; b) $\vec{B} = 9 \cdot 10^{-5} \vec{k} \text{ T}$.

Datos

Campo magnético no punto A

Campo magnético no punto B

Posición do punto A

Posición do punto B

Distancia entre os puntos A e B

Posición do punto C

Permeabilidade magnética do baleiro

Incógnitas

Intensidade de corrente polo condutor

Módulo e dirección do campo magnético no punto C

Ecuacións

Lei de Biot-Savart: campo magnético, \vec{B} , creado a unha distancia r , por un condutor recto polo que circula unha intensidade de corrente, I

Cifras significativas: 3

$$\vec{B}_A = 6,00 \cdot 10^{-5} \text{ T}$$

$$\vec{B}_B = 8,00 \cdot 10^{-5} \text{ T}$$

$$\vec{r}_A(0, -y_A, 0) \text{ cm}$$

$$\vec{r}_B(0, +y_B, 0) \text{ cm}$$

$$y_A + y_B = 21,0 \text{ cm}$$

$$\vec{r}_C(0, 8,00, 0) \text{ cm}$$

$$\mu_0 = 4 \pi \cdot 10^{-7} \text{ T} \cdot \text{m} \cdot \text{A}^{-1}$$

$$\frac{I}{B_C}$$

$$B = \frac{\mu_0 \cdot I}{2\pi \cdot r}$$

Solución:

a) O campo magnético creado por un condutor rectilíneo é circular e o seu sentido vén dado pola regra da man dereita: o sentido do campo magnético é o de peche da man dereita cando o polgar apunta no sentido da corrente.

O valor do campo magnético \vec{B} creado a unha distancia r por un condutor recto polo que circula unha intensidade de corrente I vén dado pola lei de Biot-Savart:

$$B = \frac{\mu_0 \cdot I}{2\pi \cdot r}$$

Substituíndo valores na ecuación do campo magnético creado polo condutor no punto $A(0, -y_A, 0) \text{ cm}$:

$$|\vec{B}_A| = 6,00 \cdot 10^{-5} \text{ [T]} = \frac{4 \pi \cdot 10^{-7} \text{ [T} \cdot \text{m} \cdot \text{A}^{-1}] \cdot I}{2 \pi \cdot y_A \cdot 10^{-2} \text{ [m]}}$$

$$I = 3,00 \cdot y_A$$


Analogamente para o punto $B(0, y_B, 0) \text{ cm}$:

$$|\vec{B}_B| = 8,00 \cdot 10^{-5} \text{ [T]} = \frac{4 \pi \cdot 10^{-7} \text{ [T} \cdot \text{m} \cdot \text{A}^{-1}] \cdot I}{2 \pi \cdot y_B \cdot 10^{-2} \text{ [m]}}$$

$$I = 4,00 \cdot y_B$$

Empregando o dato:

$$y_A + y_B = 21,0$$



Despexando y_A e y_B nas ecuacións anteriores, pódese escribir:

$$\frac{I}{3,00} + \frac{I}{4,00} = 21,0 \Rightarrow \frac{4,00I + 3,00I}{12,0} = 21,0$$

$$I = \frac{21,0 \cdot 12,0}{7,00} = 36,0 \text{ A}$$

$$y_A = 12,0 \text{ cm}$$

$$y_B = 9,00 \text{ cm}$$

b) O campo magnético creado polo condutor no punto C(0, 8, 0) cm é:

$$\vec{B}_C = \frac{\mu_0 \cdot I}{2\pi \cdot r} (\vec{k}) = \frac{4\pi \cdot 10^{-7} [\text{T}\cdot\text{m}\cdot\text{A}^{-1}] \cdot 36,0 [\text{A}]}{2\pi \cdot 0,0800 [\text{m}]} (\vec{k}) = 9,00 \cdot 10^{-5} \vec{k} \text{ T}$$

3. Dous fíos condutores moi longos, rectilíneos e paralelos, dispónse verticalmente separados 8 cm. Polo condutor situado á esquerda circula unha corrente de intensidade 30 A, e polo situado á dereita, outra de 20 A, ambas cara arriba. Calcula:

- O campo de indución magnética no punto medio entre os dous condutores.
- A forza por unidade de lonxitude exercida sobre un terceiro condutor vertical situado entre os dous condutores iniciais, a 3 cm do condutor da esquerda, polo que circula unha corrente de 10 A dirixida cara abaixo.
- É conservativo o campo magnético creado polo condutor? Xustifícao.

Dato: $\mu_0 = 4\pi \cdot 10^{-7} \text{ T}\cdot\text{m}\cdot\text{A}^{-1}$.

(A.B.A.U. ord. 18)

Rta.: a) $|\vec{B}| = 5,00 \cdot 10^{-5} \text{ T}$; b) $\vec{F}/l = 1,2 \cdot 10^{-3} \text{ N/m}$ cara ao 2.º condutor.

Datos

Intensidade de corrente polo condutor 1

Intensidade de corrente polo condutor 2

Distancia entre os condutores

Permeabilidade magnética do baleiro

Intensidade de corrente polo condutor 3

Distancia do condutor 3 ao condutor 1

Incógnitas

Campo magnético no punto medio entre os dous condutores

Forza por unidade de lonxitude exercida sobre un condutor 3 a 3 cm do 1

Ecuacións

Lei de Biot-Savart: campo magnético, \vec{B} , creado a unha distancia r , por un condutor recto polo que circula unha intensidade de corrente, I

Principio de superposición:

Lei de Laplace: forza magnética que exerce un campo magnético, \vec{B} , sobre un tramo, l , de condutor recto polo que circula unha intensidade de corrente, I

Cifras significativas: 3

$$I_1 = 30,0 \text{ A}$$

$$I_2 = 20,0 \text{ A}$$

$$d = 8,00 \text{ cm} = 0,0800 \text{ m}$$

$$\mu_0 = 4\pi \cdot 10^{-7} \text{ T}\cdot\text{m}\cdot\text{A}^{-1}$$

$$I_3 = 10,0 \text{ A}$$

$$d_{31} = 3,00 \text{ cm} = 0,0300 \text{ m}$$

$$\vec{B}$$

$$\vec{F}_3$$

$$B = \frac{\mu_0 \cdot I}{2\pi \cdot r}$$

$$\vec{B} = \sum \vec{B}_i$$

$$\vec{F}_B = I(\vec{l} \times \vec{B})$$

Solución:


a) O valor do campo magnético \vec{B} creado a unha distancia r por un condutor recto polo que circula unha intensidade de corrente I vén dado pola lei de Biot-Savart:

$$B = \frac{\mu_0 \cdot I}{2\pi \cdot r}$$

O campo magnético creado por un condutor rectilíneo é circular e o seu sentido vén dado pola regra da man dereita: o sentido do campo magnético é o de peche da man dereita cando o polgar apunta no sentido da corrente.

No diagrama débúxanse os campos magnéticos \vec{B}_1 e \vec{B}_2 creados por ámbolos dous condutores no punto medio 4.


O campo magnético creado polo condutor 1 no punto 4 equidistante de ámbolos dous condutores é:



$$\vec{B}_{1 \rightarrow 4} = \frac{\mu_0 \cdot I_1}{2\pi \cdot r_{14}} (-\vec{k}) = \frac{4\pi \cdot 10^{-7} [\text{T}\cdot\text{m}\cdot\text{A}^{-1}] \cdot 30,0 [\text{A}]}{2\pi \cdot 0,0400 [\text{m}]} (-\vec{k}) = -1,50 \cdot 10^{-4} \vec{k} \text{ T}$$

O campo magnético creado polo condutor 2 no punto 4 equidistante de ámbolos dous condutores é:

$$\vec{B}_{2 \rightarrow 4} = \frac{\mu_0 \cdot I_B}{2\pi \cdot r_{24}} \vec{k} = \frac{4\pi \cdot 10^{-7} [\text{T}\cdot\text{m}\cdot\text{A}^{-1}] \cdot 20,0 [\text{A}]}{2\pi \cdot 0,0400 [\text{m}]} \vec{k} = 1,00 \cdot 10^{-4} \vec{k} \text{ T}$$



O campo magnético resultante é a suma vectorial de ambos:

$$\vec{B} = \vec{B}_{1 \rightarrow 4} + \vec{B}_{2 \rightarrow 4} = -1,50 \cdot 10^{-4} \vec{k} [\text{T}] + 1,00 \cdot 10^{-4} \vec{k} [\text{T}] = -5,00 \cdot 10^{-5} \vec{k} \text{ T}$$


b) No diagrama débúxanse os campos magnéticos \vec{B}_1 e \vec{B}_2 creados por ambos os condutores no punto 5, situado a 3 cm do condutor da esquerda.

O campo magnético creado polo condutor 1 no punto 5, a 3 cm del é:

$$\vec{B}_{1 \rightarrow 5} = \frac{\mu_0 \cdot I_1}{2\pi \cdot r_{15}} (-\vec{k}) = \frac{4\pi \cdot 10^{-7} [\text{T}\cdot\text{m}\cdot\text{A}^{-1}] \cdot 30,0 [\text{A}]}{2\pi \cdot 0,0300 [\text{m}]} (-\vec{k}) = -2,00 \cdot 10^{-4} \vec{k} \text{ T}$$

O campo magnético creado polo condutor 2 no punto 5, a 5 cm del é:

$$\vec{B}_{2 \rightarrow 5} = \frac{\mu_0 \cdot I_B}{2\pi \cdot r_{25}} \vec{k} = \frac{4\pi \cdot 10^{-7} [\text{T}\cdot\text{m}\cdot\text{A}^{-1}] \cdot 20,0 [\text{A}]}{2\pi \cdot 0,0500 [\text{m}]} \vec{k} = 8,00 \cdot 10^{-5} \vec{k} \text{ T}$$



O campo magnético resultante é a suma vectorial de ambos:

$$\vec{B}_5 = \vec{B}_{1 \rightarrow 5} + \vec{B}_{2 \rightarrow 5} = -2,00 \cdot 10^{-4} \vec{k} [\text{T}] + 8,00 \cdot 10^{-5} \vec{k} [\text{T}] = -1,20 \cdot 10^{-4} \vec{k} \text{ T}$$

A forza por unidade de lonxitude que se exerce sobre un condutor 3 situado no punto 5 é:

